

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e oito de febreiro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29/12/2011)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e nove de decembro do ano pasado, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Dar conta da liquidación do orzamento do exercicio 2011

Dáse conta da liquidación do Orzamento do exercicio 2011, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2012, que presenta un resultado axustado de CENTO OITENTA E TRES MIL CATROCENTOS CUARENTA E SEIS EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (#183.446,12 €#) de SUPERÁVIT, sendo o resumo da mesma o que de seguido se relaciona:

	EUROS
+ Dereitos recoñecidos netos	. 3.733.705,59
- Obrigas recoñecidas netas	. - 3.505.979,86
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	. 227.725,73
- Desviacións positivas de financiamento	. - 44.279,61
+ Gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería	. 0,00
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	183.446,12
DEBEDORES PENDENTES DE COBRO DO EXERCICIO	. 358.053,40

ACREEDORES PENDENTES DE PAGO DO EXERCICIO	. 688.377,30
Remanentes de crédito non comprometidos	. 197.103,20
Remanentes de crédito comprometidos	. 0,00
Remanentes de crédito con financiamento afectado a incorporar	0
Remanentes de crédito xerais a incorporar	0
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA	PENDENTE
+ Fondos existentes na Tesourería a 31-12-2011	36.578,69
+ Dereitos pendentes de cobro	. 418.483,04
- Acredores pendentes de pago	800.546,29
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA TOTAL	- 345.484,56
- Saldos de dubidoso cobro	0,00
- Exceso de financiamento afectado	44.279,61
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	- 389.764,17

O Pleno dáse por informado.

3º.- Aprobación, se procede, do Plan Económico -Financeiro

O Informe de intervención de data 24/02/2011, que figura no expediente, pon de manifesto o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da liquidación do Orzamento Municipal de 2010 pois este inclúe unha necesidade de financiamento de 507.389,90 €.

Esta necesidade de financiamento orixínase pola liquidación do orzamento de 2010 cun déficit de 519.345,05 euros, un aforro neto negativo de 358.892,51 euros e un remanente líquido de tesourería negativo de 531.967,10 euros.

Polo anterior nos vindeiros exercicios proponse aplicar a seguinte política orzamentaria:

Primeiro. Incrementar, anualmente, os ingresos correntes coa modificación correspondente das Ordenanzas Fiscais. No exercicio 2011 xa se detectou un forte incremento de ingresos por IBI, que seguirá incrementándose nun 10% anualmente pola actualización progresiva dos valores catastrais ata 2019. Preténdese actualizar os importes das taxas e prezos públicos pola prestación de diversos servizos municipais, xa que actualmente cobren unha parte moi pequena do seu custo.

Segundo. O gasto de persoal reduciuse en máis do 10% en 2011 e seguirá reducíndose nos dous vindeiros exercicios cunha previsión do 3% anual.

O gasto corrente rebaixouse en máis do 7% en 2011 e conxelaranse nos dous próximos exercicios.

Terceiro. Non se utilizará o recurso ao financiamento crediticio e nos dous próximos exercicios para o financiamento de investimentos, realizándose soamente aquelas que sexan posibles co financiamento doutros organismos e con achega de recursos propios.

Con iso, a previsión orzamentaria que podemos realizar supón ter alcanzado o equilibrio orzamentario no primeiro ano e mantelo amplamente durante os tres anos de vixencia do Plan.

Pero este plan financeiro vai moito máis alá do mero equilibrio orzamentario, xa que pretende enxugar totalmente o remanente líquido de tesourería producido no exercicio 2010, obtendo o aforro neto necesario nos tres exercicios de vixencia do plan que permita enxugar dito remanente líquido negativo, así como xerar os recursos propios suficientes para o financiamento dos investimentos municipais.

O obxectivo último do plan é rematar o exercicio 2013 con todos as ratios de solven-
cia en positivo: superávit orzamentario, aforro neto, capacidade financeira, remanente líquido de tesourería, como resulta do cadro seguinte:

ESTADO DE INGRESOS	Ano Inicio 2010	Ano 2011	Ano 2012	Ano 2013
Cap. 1 Impostos Directos	846.923,68	1.002.622,53	970.000,00	1.000.000,00
Cap. 2 Impostos Indirectos	57.893,98	45.034,19	65.000,00	50.000,00
Cap. 3 Taxas e outros ingresos	249.337,98	271.339,27	331.800,00	335.800,00
Cap. 4 Transferencias correntes	1.627.125,94	1.746.907,86	1.809.000,00	1.825.000,00
Cap. 5 Ingresos Patrimoniais	863,21	78,14	200,00	200,00
Cap. 6 Alleamento de Inv. Reais	229,42	14.635,00	0,00	0,00
Cap. 7 Transferencias de capital	1.227.193,83	486.444,47	377.000,00	267.000,00
Cap. 8 Activos Financeiros	10.045,00	6750,00	12,00	12,00
Cap. 9 Pasivos Financeiros	160.000,00	159.894,13	150.000,00	0,00
	4.179.613,04	3.733.705,59	3.715.000,00	3.490.000,00
ESTADO DE GASTOS	Ano Inicio 2010	Ano 2011	Ano 2012	Ano 2013
Cap. 1 Gastos de Persoal	1.472.837,04	1.310.929,49	1.264.000,00	1.225.000,00
Cap. 2 Gastos en bens corr. e servizos	1.407.256,79	1.299.831,26	1.300.000,00	1.300.000,00
Cap. 3 Gastos Financeiros	17.569,75	26.241,20	35.500,00	35.500,00
Cap. 4 Transferencias correntes	65.059,44	56.687,76	56.500,00	56.500,00
Cap. 6 Investimentos Reais	1.559.228,65	644.290,15	449.000,00	629.000,00
Cap. 7 Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00
Cap. 8 Activos Financeiros	0,00	0,00	12,00	12,00
Cap. 9 Pasivos Financeiros	160.020,26	168.000,00	208.000,00	232.000,00
	4.690.971,93	3.505.979,86	3.325.000,00	3.490.000,00
Total Ingresos non Financeiros	4.009.568,04	3.567.061,46	3.553.000,00	3.478.000,00
Total Gastos non Financeiros	4.521.951,67	3.337.979,86	3.105.000,00	3.246.000,00
Diferencia	- 512.383,63	229.081,60	448.000,00	232.000,00
Aforro bruto	-163.008,48	398.533,48	555.500,00	629.500,00
Anualidade de amortización	-195.448,03	-245.903,39	-288.825,07	-255.984,45

Aforro neto	-358.892,51	152.630,09	266.674,93	373.515,55
Remanente de Tesourería	-531.967,10	-389.764,17	-14.589,24	27.426,31

O programa de investimentos e o seu financiamento para os vindeiros exercicios é o seguinte:

Gasto de Investimento	1.559.228,65	644.290,15	449.000,00	629.000,00
Financiamento:				
Alleamento de Investimentos	229,42	14.635,00	0,00	0,00
Transferencias de Capital	1.227.193,83	486.444,87	377.000,00	267.000,00
Operación de préstamo	160.000,00	0,00	0,00	0,00
Achega de recursos ordinarios	171.805,40	143.210,28	72.000,00	362.000,00

Non existe Plan Cuadrienal de investimentos.

Intervén a Presidencia e expón que o Plan que se presenta foi fundamentalmente redactado polos técnicos, e que vén obrigado, como se pode comprobar nos informes que constan no expediente, por lei e antes de aprobar os orzamentos do ano 2012, motivado basicamente polo resultado do peche do orzamento do 2010, cunha necesidade de financiamento de máis de 500.000 euros, e un aforro neto negativo de 358.892 euros, un remanente líquido de tesourería negativo de máis de 531.000 euros, e que segundo informe emitido polo Consello de Contas temos a obriga de aprobar este plan económico-financeiro.

En canto a maneira de levalo adiante nos exercicios 2011, 2012 e 2013, di que vén formulado como un esforzo compartido e repartido, mediante o incremento dos impostos a través da modificación das correspondentes ordenanzas fiscais, tendo unha parte moi importante xa feita polo goberno anterior co incremento dos valores catastrais do IBI, que se incrementarán anualmente nun 10% ata o ano 2019, e actualizar as taxas e prezos públicos pola prestación dos servizos municipais, como xa se fixo coa ludoteca municipal, facendo fincapé en que non se trata de cargar o esforzo sobre das familias, pero que en función da renda das mesmas axuden de algún xeito a minguar ese déficit nos servizos que se están a prestar polo concello, e que non existirá ningunha familia sen recursos que quede sen gozar dos servizos que se prestan.

Di que esa vai a ser a folla de ruta, que ao mellor non se pode conseguir, pero que os números globais teñen que acadarse no ano 2013, facendo mención a que na cifra que figura no capítulo 3, basicamente 20.000 euros corresponden ao seguro do arranxo do camión e outra parte moi importante recolle os aproveitamentos especiais, porque as liquidacións correspondentes a exercicios anteriores aínda non se fixeron e esperamos que se ingresen neste exercicio.

Outra medida que se propón no plan é a redución dos gastos de persoal, que xa empezou o goberno anterior, e preténdese continuar cun 3% anual, mencionando que dende o mes de febreiro se suprimiu o posto de arquitecto.

Polo que respecta ao gasto corrente, o seu grupo pretende conter o gasto e así se no exercicio 2011 foi de aproximadamente 1.300.000 euros e nos vindeiros exercicios manterase, de aí o famoso apagado de farois.

Sinala ademais que non se pode, por lei, utilizar o financiamento para investimentos mentres non teñamos un remanente líquido de tesourería positivo, por iso este plan vai máis alá do equilibrio orzamentario xa alcanzado neste exercicio, senón que queremos rematar o

ano 2013 con todas as ratios de solvencia en positivo: o superávit orzamentario, o aforro neto, a capacidade financeira, o remanente líquido de tesourería, que permitan a partir dese ano recuperar unha grande capacidade investidora evitando erros do pasado e sobre todo tendo en conta a actual situación de crise económica.

Por último di que este plan pódese levar adiante recalcando que é un plan feito fundamentalmente por técnicos.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE expón que para abordar este plan cunha boa perspectiva cómpre ter en conta as táboas de datos dos anos 2010, 2011, 2012 e 2013, sinalando que no punto anterior se deu conta da liquidación do orzamento do exercicio 2011, e que é de destacar que tendo en conta os dereitos e as obrigas recoñecidas o orzamento executouse nun 99,19% sobre do previsto en gastos e nun 96,47% en referencia aos ingresos, e que no orzamento aprobado para o 2011 se esperaba un superávit de 130.000 euros, mencionado o incremento no capítulo 1 de impostos directos nun 18,3%, e un 8,82% nos ingresos correspondentes a taxas (lixo, sumidoiros,...) con respecto ao exercicio 2010, e en canto aos investimentos reais, que son os que xeran emprego e melloran as infraestruturas públicas, existe un claro descenso de 1.500.000 a 644.000 euros no 2011 e cuns investimentos representan tan só un 41,32% respecto dos do ano 2010.

Tamén sinala que respecto das transferencias de capital, que son as que se reciben da Xunta e máis da Deputación, gobernadas neste momento polo PP, existe un descenso importante pasando de 1.200.000 euros a 486.000 euros, e que nas previsións que se teñen para os exercicios 2012 e 2013 continúan á baixa.

Di ademais que da liquidación do orzamento sobre o que se basea este plan económico-financieiro que contempla un superávit de 130.000 euros, que se cumpriu, e liquidou con aproximadamente 183.446 euros, supón sobre do previsto 53.446 euros, de aí que a achega do PP á previsión que no seu día fixo o PSdeG-PSOE é realmente escasa e non supón tanta bagaxe como queren facer ver.

Por outra banda di que botan en falta máis información, xa que os datos económicos presentados, que segundo o Sr. Alcalde, foron feitos por técnicos, son os que no seu día presentou o grupo PSdeG-PSOE e o goberno actual non quixo aprobar entón, e que daquela estaba absolutamente especificada cada acción que se pretendía desenvolver para cumprir ese plan económico-financieiro, que supoñía unha revisión dos impostos, persoal e dos investimentos, xusto o mesmo que se propón agora e, pregunta cales son os argumentos, porque finalmente son as mesmas medidas que se propoñían nese momento.

Ademais fai mención á unha moción presentada polo PP a finais do ano 2009 na que solicitaban a conxelación dos impostos e das taxas de cara aos vindeiros exercicios, e no debate da mesma, o Sr. Martínez sinalaba que “a subida de impostos anunciada polo Goberno Central para o vindeiro ano supón un importante lastre para a economía de todos os cidadáns, especialmente para os de rendas medias e baixas, xa que o incremento do IVE en dous puntos grava a castigada economía das clases traballadoras nun momento de grave crise económica e repercutirá directamente na creación de postos de traballo e, en consecuencia será un motivo máis polo que este país será o último en iniciar o despegue económico, tal e como indican todos os organismos internacionais”, estando de absoluta actualidade, só habería que intercambiar as siglas do PP e do PSOE e presentala para intentar sacala adiante no pleno.

Por último insiste na redución no apartado de transferencias de capital que pasa de cerca de 1.300.000 euros a 267.000 euros no ano 2013, preguntándolle ao PP se consideran axeitadas esas achegas da Xunta e da Deputación, porque dixeron que era un plan de mínimos, e tanto de mínimos, pois se estas son as previsións espero que nos teñan máis en conta os dous organismos.

O Sr. Pose do BNG expón que a Presidencia dixo que o plan económico-financeiro foi feito por técnicos, cando o razoable é que fose feito polos políticos con apoio dos técnicos, e que é imposible darlle o apoio sen coñecelo en profundidade, e coñecendo neste momento a moción presentada no ano 2009 para a conxelación das taxas e impostos municipais di quedar sorprendido, comprometéndose a presentala para o próximo pleno cambiándolle as siglas do PP polas do BNG.

O Sr. Alvela de TEGA expón que votará a favor do plan económico-financeiro que se presenta, porque hai que ter en conta os momentos, que cada un formula os temas e védeos da súa maneira, que efectivamente como dixo a voceira do PSdeG-PSOE no ano 2008 presentaron un plan, non recordando cal foi nese momento o seu voto, pero que en calquera caso a situación cambiou bastante, xa que mesmo agora se unha administración nos financiase unha obra cunha pequena achega do concello, non se podería acometer.

Di que o plan se podería facer doutra maneira, sempre que os números cadrasen de xeito que de aquí a tres anos a débeda estea pechada e se obteña un superávit nos números.

Intervén de novo o Sr. Martínez para matizar que no ano 2008 o PSdeG-PSOE presentou un plan de aforro motivado por un déficit moi elevado causado por unha mala xestión deles e que non tiveron a responsabilidade suficiente para tomar as medidas axeitadas para non rematar o exercicio con ese déficit e non tiveron máis remedio xa a principios do 2011, con informes dos técnicos, de tomar medidas, como recortes en persoal, ...etcétera.

De seguido tamén fai referencia ás palabras do voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Sánchez, na sesión plenaria do 17/03/2011 “a vindeira corporación será a que teña que facer unha análise seria e en profundidade de todos os servizos que presta o concello, de cales son prescindibles e facer campañas para intentar aforrar gastos (aforro enerxético, ...), e sobre doutros servizos que se prestarán só se os usuarios os financian ao cento por cento (100%), como é o caso da piscina e outros como a ludoteca, o servizo de madrugadores, ou o servizo de monitores no comedor do CEIP de Ortigueira, que son de apoio ás familias, sobre dos que se terá que pronunciar a corporación.”

Por último e en canto ás transferencias de capital di que o seu grupo traballa con mínimos, e en canto aos investimentos reais os anos 2009 e 2010 son os anos dos famosos plans Zapatero.

Dona Lucía González di con respecto ao expresado polo Sr. Alvela de TEGA, que efectivamente debe ser este o momento político porque cando o seu grupo presentou o anterior plan de aforro votou en contra sobre todo porque non estaba a favor da subida de impostos, e a situación agora non é mellor ca daquela.

En canto ás palabras do Sr. Sánchez ás que fixo referencia a Presidencia, di que cando hai poucos meses o grupo de goberno trouxo ao pleno a modificación da ordenanza da ludoteca, o PSdeG-PSOE manifestou que era partidario dunha valoración en conxunto dos servizos, das súas necesidades e da revisión das taxas, e o que se lle presenta hoxe é un cheque en branco, onde se teñen que fiar da súa palabra, xa que non aparece a máis mínima especificación das accións que pretenden levar a cabo, que ordenanzas se van a modificar, de que servizos e persoal se vai prescindir, e todo isto non se recolle no plan económico-financeiro, e por todo isto e pola falta de explicacións o voto do seu grupo vai a ser en contra, aínda que lle gustaría poder apoialo ou cando menos absterse, se ben e como dixo a Presidencia foi feito por técnicos non ten motivos para dudar dos técnicos da casa.

O Sr. Pose anuncia que o seu voto vai ser en contra debido tamén á falta de explicacións e datos sobre dos que se fundamenta, que o grupo de goberno ten que ter, pero que parece existir unha intención de non presentalos.

Posto a votación o Pleno con 7 votos a favor do PP e TEGA e 6 votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG acorda aprobar o citado Plan Económico -Financeiro.

4º.- Acordo, se procede, sobre constitución dun Consorcio cos concellos de Boqueixón e Touro

Dáse conta da seguinte proposta:

O Concello de Vedra considera conveniente para a xestión de fins de intereses comúns constituír, en principio, cos municipios de Boqueixón e Touro un Consorcio Administrativo Local, segundo o establecido para os efectos no artigo 149 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

En base ao exposto propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder á constitución dun Consorcio Administrativo Local, en principio, cos concellos de Boqueixón e Touro.

Segundo.- Designar, segundo o establecido no artigo 150.3 da citada Lei 5/1997, como representante na Comisión Xestora que rexerá a tramitación ata a constitución definitiva do Consorcio ao Sr. Alcalde -Presidente deste concello don Carlos Martínez Carrillo.

A Presidencia expón que o principal obxectivo é crear unha institución para compartir servizos baixo os criterios de eficacia, calidade e sustentación, só única e exclusivamente para aqueles nos que todas as partes implicadas estean de acordo.

Di que na actualidade o primeiro problema co que nos atopamos é que as convocatorias de subvencións están dirixidas a concellos con máis de 7.000 habitantes, máis de 500 parados, para tres ou catro concellos ou para institucións que sexan máis grandes que o concello, e o mesmo acontece cos proxectos europeos.

Sinala tamén que hoxe só se acordará crear un consorcio sen entrar a debater os servizos que se prestarían e en que condicións, e que os estatutos se traerán a un pleno posterior para o seu debate e aprobación, polo que o debate será máis tarde, manifestando que toma nota de todas as cautelas que lle transmitiron os distintos grupos municipais, anunciando o seu compromiso persoal de que os catro grupos representados no pleno participarán no debate da aprobación dos estatutos do Consorcio.

Ademais di que a Deputación tamén está implicada na constitución do Consorcio.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE preguntalle sobre do papel da Deputación no Consorcio, e que tipo de axuda prestará administrativa ou económica, contestándolle a Presidencia que axudará ao seu despegue e despois que se debaterá se continúa formando parte como socio permanente ou non, sendo a primeira idea que forme parte del, e que prestará apoio económico naqueles servizos nos que todas as partes estean de acordo.

De seguido intervén a citada concelleira do Grupo Socialista, e expón que estar todos de acordo vai a ser un problema considerable, cando xa o está sendo agora e aínda non se constituíu. Di que todas as cautelas que lle trasladaron nas xuntanzas anteriores quedáronse curtas, e que no noso concello xa temos unha basta experiencia con algún destes socios, concretamente co Concello de Boqueixón, a través de Mancomunidade Val do Ulla, creada nos tempos no que o Sr. Mogo era Alcalde, para mancomunar servizos, entre eles, o de recollida de lixo, e Vedra pagaba e recollían os dous, e no momento de liquidala houbo que armarse de valor e argucias para facerlle pagar a súa parte. Tamén menciona o último obradoiro de emprego compartido con Boqueixón, no que tamén existiron moitos esforzos por parte do grupo de goberno e máis do persoal administrativo para que as cousas se fixeran ben e Boqueixón fixera fronte ás obrigas económicas que tiña comprometido. Ademais de que segundo a *Vox Pópuli* ese concello tivo que devolver algunha axuda europea por non executala para a finalidade para a que se lle concedeu, ou non a deu xustificando, sinalando que o Sr. Mar-

tínez falaba precisamente de solicitar axudas europeas, e non se pode esquecer do rigor que se esixe na tramitación e xustificación deste tipo de axudas.

Para rematar di que neste proxecto existen voces discordantes, e así coincidindo coa nota de prensa oficial da presentación da idea do Consorcio, o Alcalde de quenda sacaba a súa propia nota para falar dos posibles servizos a establecer en consorcio, polo que lle recomenda ao Sr. Alcalde que retire a proposta e espere a ver que pasa noutros concellos, que se pula ben o proxecto, xa que fala de consenso, e se traia ao pleno e se ve que se pode perdurar no tempo o seu grupo non terá ningún inconveniente en darlle o seu apoio.

O Sr. Pose do BNG solicita autorización para poñer unha audición que ten no ordenador cunha entrevista que lle fixeron ao Sr. Alcalde de Touro, don Ignacio Codesido, facía poucas horas sobre do tema do Consorcio.

Logo de rematar a citada entrevista, di que quen sabe escoitar, escoita varias cousas sobre do Concello de Boqueixón, e que efectivamente Touro pode estar ben economicamente, pero Vedra é dos que mellor está, e o de Boqueixón todos coñecen a súa situación.

De seguido procede á lectura do seguinte extracto publicado no xornal El Correo sobre da fusión do concellos “este periódico consciente del cambio de ciclo abriu un debate sobre la necesidad de fusionar concellos en Galicia para prestar mejores servicios a un menor coste a los ciudadanos y desde las administraciones empezaron a darse pasos en este sentido. Lo hace el Presidente de la Diputación de la Coruña, Diego Calvo, promoviendo Consorcios Locales entre concellos próximos para que sirvan a sus vecinos con más eficacia y sustentabilidad. Ayer le tocó el turno a Curtis, Vilasantar, Sobrado, como antes Padrón, Rois y Dodro y Vedra, Touro y Boqueixón. Este es el camino a seguir pero hacen falta pasos de un mayor calado y ahí es donde entra Alberto Núñez Feijoo, con su reclamación a Madrid, a quién corresponde esta competencia para agilizar los trámites para fusionar concellos”, e logo marca as regras de xogo “ la Xunta priorizará las ayudas a los municipios que deseen mancomunar servizos. Es unha forma de aunar voluntades para que salga adelante una reforma de este calado”.

Sinala ademais que o Alcalde de Touro non só di que é un perigo Boqueixón, senón que di que posiblemente este é un paso que se está dando previo a unha posible unificación.

Sobre do Consorcio o BNG di que é un mecanismo para abrir no futuro unha fusión, implica polo tanto abrir unha porta á desaparición de Vedra, non serve para nada, e isto tense recoñecido en *petit comité* máis que para presentarse ás subvencións, e que analizado dende fóra parece que é para salvar a situación de Boqueixón, e que entre Vedra e Touro pouco se pode facer por consorcio, tal e como di o Alcalde dese concello, tendo unha serra por medio.

Dado que co Alcalde de Boqueixón atendendo ás experiencias anteriores, con denuncias de por medio, estamos expostos á arbitrariedade, failles a proposta de parar este proceso, porque ao mellor párallo Touro e quedamos en ridículo, esperen a ver que acontece despois, tendo moito que dicir nisto TEGA, pois depende del aprazalo ou non , e se hai que constituír o consorcio fágano, pero inténtese co concello de Teo, que ten policía municipal, actividades culturais, auditorio, rede viaria natural, existen núcleos intimamente relacionados, constitúen un espazo compacto que permite unificar servizos, e ao seu Alcalde non se lle coñecen arbitrariedades e ten demostrada unha gran capacidade como xestor.

Por último procede á lectura dunha cita de Paul Krugman sobre da teoría TOF “tontos o farsantes”, que di que existen dous tipos de candidatos , os que sinxelamente non son listos ou suficientemente racionais para entender o problema e os que son cínicos astutos dispostos a dicir calquera cousa para tomar a dianteira”.

O Sr. Alvela de TEGA expón que o que se está a pedir é nomear ao Sr. Alcalde para iniciar conversas, e que na actualidade todos estamos de acordo na idea de unir as forzas e re-

baixar custos, e que efectivamente o caso de Touro é distinto, xa que ao parecer non ten débedas e se pagan poucos impostos e polo tanto non se lle soluciona nada.

Di que se verá sobre da marcha se é interesante ou non, entendendo que establecer consorcio con Teo, tamén sería moi interesante, pero que a este concello con máis de 20.000 habitantes non lle interesa, xa que teñen unha identidade totalmente distinta.

Polo tanto e dado que non ve nada estraño en iniciar conversas, o seu voto vai a ser a favor.

A Presidencia intervén para matizar que este é un primeiro paso, e que dende logo tamén está en contra de fusionarse con outros concellos, e que non ten ningún sentido retrasar o acordo, porque como xa dixo na anterior intervención, o debate comeza a partir de agora e ten que ser un tema entre as catro forzas políticas.

Di que entende que é unha boa idea, con todas as cautelas, que o Alcalde de Touro tampouco se negou a establecer consorcio con servizos novos, e que con respecto a Teo que este non ten necesidade doutros concellos para acceder a subvencións e a determinados servizos.

Dona Lucía González di que nalgunha xuntanza anterior lle recomendou que se puxese en contacto con algún organismo, e comprobábase como funcionan administrativamente, que pode ser de gran utilidade se pretende levar a cabo o Consorcio, sobre todo tendo en conta os socios cos que nos toca lidar.

En canto ás conversas ás que aludía o Sr. Alvela di que algunhas existiron, faltan agora as negociacións e a constitución formal, porque chegaron ao acordo de constituílo e fixeron a foto conxunta, pero con esas poucas que desputen eses egos resulta desalentador, esperando o éxito polo ben de todos para conseguir cousas e que se repartan equitativamente, comprometéndose a Deputación a que sexa máis que un apoio económico, como é o caso da Deputación de Ourense que está a prestar apoio aos concellos real, de tipo administrativo, asesoramento técnico, quizais agora que se está a poñer en valor a utilidade das Deputacións.

Anuncia que o seu grupo vai absterse na votación, solicitándolle que os teña puntualmente informados, que non se reciban noticias de prensa fóra de lugar, e as que se reciban sexan absolutamente en consenso e a voz dos catro compoñentes do Consorcio.

O Sr. Pose por último di que sobre da posibilidade de establecer consorcio con Teo, que habería que consultarllo, e sobre do proceso de unificación que chegará nalgún momento, anunciando o voto en contra, aclarando que el só está solicitando un aprazamento na toma deste acordo e que se busquen outras alternativas.

O Pleno con 7 votos a favor do PP e TEGA , 1 voto en contra do BNG e 5 abstencións do PSdeG-PSOE acorda aprobar a citada proposta.

5º .- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para o control do aforro de 130.000 euros en 5 meses.

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que o 31/01/2012 saíu publicada nun xornal unha nova baixo o título “El Ayuntamiento de Vedra logra ahorrar cerca de 130.000 euros en cinco meses”, a través de varias medidas, entre elas, o recorte dos custos e tamén a eliminación de gastos superfluos: alumeado e cea de Nadal; redución das xuntas de goberno de tres a dúas ao mes, quilometraxes do Sr. Alcalde e da Concelleira de Obras, revisión das tarifas de subministro, redución dos seguros dos vehículos municipais, ...etcétera

Dado que a noticia non recolle correctamente a contía do citado aforro en todas as partidas, e que dado que a suma de todos os conceptos non darían a citada contía, o BNG

chega a conclusión de que o aforro non é puntual, senón perpetuado no tempo, co que as declaracións do Sr. Carrillo aportan a certeza de superar o déficit do concello en escaso ano e medio (está cifrado en 500.000 euros) e ao fin da presente lexislatura o concello disporá dun superávit financeiro de 748.000 euros.

Por todo iso solicítase:

Primeiro.- Solicitar un informe asinado polo interventor do concello, no que se detalle con exactitude as partidas que supuxeron o citado aforro.

Segundo.- Solicitar ao interventor que explique, en particular, se no citado aforro compútase a liña de crédito ICO de aproximadamente 170.000 euros solicitada o ano pasado, e dedicada ao pago de facturas pendentes.

Terceiro.- No caso de que, a criterio do interventor, o cálculo do aforro conseguido non se corresponda coa cifra antes sinalada:

A) Instar ao equipo de goberno e publicar unha nota no semanario “Tierras”, e no diario “El Correo”, corrixindo a noticia antes mencionada.

Cuarto.- En caso de que, a criterio do interventor, o cálculo do aforro conseguido se corresponda coa cifra antes sinalada:

A) Solicítase un cálculo aproximado do previsible aforro anual.

B) Solicitásele ao Alcalde, o arquivo do “plan de forro no alumeado público” por se este fose innecesario.

O Sr. Pose do BNG fai referencia a unha noticia publicada no xornal sobre do aforro de 130.000 euros en 5 meses, que segundo manifestaba o Sr. Martínez na mesma debido aos seguintes motivos: recortes en custos, como o caso de alumeado e a comida do Nadal; á redución de gastos en órganos municipais, que son as Xuntas de Goberno, pasando de tres a dúas ao mes, e outro aforro importante son as quilometraxes do Sr. Alcalde e da Concelleira de Obras, que non cobraron; a revisión das tarifas de subministro, de seguros municipais; eliminación de gastos superfluos e gastos protocolarios, que supoñen un total de 130.000 euros. Di que cando se analiza isto con detalle é un aforro recorrente, é dicir, que cada 5 meses vai existir este aforro, que é unha cifra impresionante, e que o que solicita o BNG é unha aclaración de si efectivamente existe este aforro, si se inclúe o préstamo ICO, xa que de ser certo non ten sentido aprobar o plan económico-financeiro.

Intervén a Presidencia e di que ás veces as noticias non son tan rigorosas como deberían ser, e que o aforro neto, en 6 meses pois é do 2º semestre, vén de ingresos correntes menos gastos correntes, que ascende a 127.883 euros, e non está incluído o préstamo ICO, que coincide coa diferenza entre ingresos totais e gastos totais, que si se ten en conta o ICO, pero tamén os gastos de investimentos, é dicir, que os investimentos que se fixeron puidéronse facer con recursos ordinarios do concello.

De seguido e logo de deixar claro que o período co que se comparaba era o 2º semestre do 2010 e non co 1º do 2011, dá conta do aforro alcanzado en cada concepto: asistencias corporación (1.824 euros); desprazamentos corporación (1.524 euros); desprazamentos persoal (5.542 euros); tribunais e mesas de contratación (2.297 euros); gastos de Nadal (1.207 euros); alumeado de Nadal (4.425 euros); cestas de Nadal (1.280 euros); calendarios e axendas (2.598 euros); telefonía móbil (200-300 euros/mes); seguros (3.000 euros); material de oficina (1.000 euros); subvención outorgada para un orientador laboral (9.500 euros); beirarrúas en Ponte Ulla (2.500 euros); materiais para as brigadas (sobre 11.000 euros), que suman un total de aproximadamente 50.000 euros, e o resto procede de medidas adoptadas polo anterior goberno do PSdeG-PSOE e que ten que ver fundamentalmente coa redución do persoal.

O Sr. Pose di que entón a contestación lóxica á periodista sería que o aforro foi 50.000 euros, solicitándolle que a vindeira vez se intente ser máis exacto cos datos, posto que sería máis xusto tamén indicar na mesma noticia que 70.000 euros foron mérito do anterior equipo de goberno.

A Presidencia sinala que en temas económicos pensa ser moi rigoroso, como así espera que sexan todos os membros da corporación cando publican novas nos xornais e na súa páxina web, querendo deixar constancia que tampouco é fácil aforrar cando se toma posesión e o orzamento está case esgotado, e cando quedaban só 27.000 euros para investimentos, e que en calquera caso a cifra é a correcta, pero que si tería que ser máis rigoroso na súa explicación, e que o que si aprendeu é que unha noticia económica non se pode contestar por teléfono.

O representante do BNG di que se dá por satisfeito coas explicacións dadas e que o que lle gustaría é que lle enviasen os datos por correo electrónico.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE agrádecelle ao BNG que presentase esta moción, senón teríaa presentado o seu grupo, e tamén as explicacións dadas polo Sr. Martínez e o recoñecemento ao labor do seu grupo, porque non deixa de ser traballo de todos, esperando que nas vindeiras comunicacións á prensa exista máis rigor pola súa parte e non se acheguen datos grandes que poidan ser moi vistosos e xerar grandes titulares, cando a realidade é outra.

O Sr. Alvela de TEGA manifesta que máis alá da propaganda que se intenta facer o que importa é entrar na dinámica do aforro que era imprescindible para endereitar as contas, xa a comezou o anterior equipo de goberno e continúa o actual, e que en suma esa cifra é a correcta.

O voceiro do BNG dáse por satisfeito coas explicacións dadas e pola Presidencia e os grupos. Considérase innecesario proceder á votación.

6º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG de apoio á iniciativa legislativa popular para a defensa e promoción da sanidade pública en Galiza.

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que a Plataforma SOS Sanidade Pública está a promover unha Iniciativa Legislativa Popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da sanidade pública impulsada polo actual goberno galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas.

Di tamén que a citada iniciativa opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do sistema de saúde en Galicia na liña histórica marcada pola lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, rexeitando así as fórmulas de colaboración público-privada, que en países do noso arredor produciron un contrastado empeoramento da calidade asistencial e un enorme aumento dos custos sanitarios. Ademais pretende mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria, configurando un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloran a efectividade das decisións.

Polo exposto solicita a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Manifestar o apoio da corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galicia, portavoces parlamentarios e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.- Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a garantir a sanidade pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galicia.

O Sr. Pose di que o tema xa vén explicado na moción e que nestes días saíu na prensa o que aconteceu no CHUS e que do que se trata é de apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular.

Dona Lucia González do PSdeG-PSOE di que van apoiar a moción.

O Sr. Lema do PP expón que van rexeitar a moción, porque non están de acordo coas formulacións que se fan na mesma, que é unha moción de carácter político, e que o BNG ten unha forma de ver a sanidade pública distinta da deles, que periodicamente hai determinados “chiringuitos” que axitan a bandeira de desmantelar a sanidade pública con parola de tipo campaña neoliberal de ataque ao desmantelamento.

Di que o sistema público de sanidade é un ben de todos e que o seu grupo foi o que máis fixo por el, que evidentemente ten insuficiencias no seu financiamento, é isto vén dende hai máis de vinte anos, que nunca se corrixiu o déficit do sistema sanitario, que se calcula nuns 15.000 millóns de euros, e que o que máis se fixo polo sistema público foi o catálogo de medicamentos aprobado por este goberno da Xunta de Galicia.

O Sr. Pose di que o que fixeron estupendamente foron as famosas fundacións e que o bipartito o que fixo obviamente foi asimilalo outra vez á rede pública, esperando que non volva acontecer o mesmo.

O Sr. Alvela de TEGA di que vai absterse como aconteceu na anterior moción presentada, e que oxalá todo vaia polo bo camiño, xa que a sanidade non é ningunha broma, pero o verdadeiramente importante é que se faga ese pacto nacional entre os grandes partidos políticos e entre todas as forzas para que dalgún xeito se acabe co déficit ou polo menos reduciilo no posible e a sanidade sexa un ben ao que poidamos acceder todos sen o risco de quedarse excluído.

Posta a votación a citada moción rexístranse 6 votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG, 6 votos en contra do PP e 1 abstención de TEGA. Procédese a unha segunda votación na que queda rexeitada a moción ao obterse o mesmo resultado e co voto de calidade da Presidencia en contra.

7º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para a facilitar a incursión en fóra de ordenación total de inmobles a familias con dificultades económicas.

O Sr. Pose di que na comisión informativa existía un rastro de certa problemática por se puidese existir algún tipo de reclamación, pero que sería algo excepcional e que se o concello ten que asumir algún risco ten que ser este, que o único que se pretende e que as familias con necesidades, que son as que realmente van necesitar probablemente que se lles facilite ter as súas edificacións en situación de que poidan ser hipotecadas, poidan pagar ao longo do tempo e non dunha soa vez, e que non ten sentido aprazalo para tratalo dentro dun mes.

A Presidencia di que no fondo todos están de acordo e que hai que buscarlle unha solución legal o máis axiña posible.

O Sr. Alvela de TEGA di que a Xunta sacou unha disposición específica e a taxa entende que debería ser tamén deste xeito, como ben dixo o voceiro do BNG, e que lle gustaría asumir ese risco e saltar a norma ou doutro xeito que se resolva nos próximos días.

Logo de breves intervencións acórdase retirar o asunto para o seu estudo.

8º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG de rexeitamento da reforma laboral aprobada polo Goberno Central

De seguido dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que o Goberno Central ven de aprobar mediante o Real Decreto-Lei 3/2012, do 10 de febreiro, unha ampla reforma no réxime de relacións laborais en Galiza, socavando as bases sobre as que se asentaban as relacións laborais, contendo medidas concretas que xa dende a súa entrada en vigor, limitan os dereitos dos traballadores e traballadoras, tanto no que atinxe aos seus dereitos económicos como á súa capacidade de negociación laboral.

Sinala tamén que o propio goberno afirma que esas medidas non contribuirán de xeito directo a xerar emprego nin a mellorar a estabilidade laboral das persoas que na actualidade ocupan postos de traballo en precarias condicións, confirmándose así o verdadeiro programa do PP de aplicar unha política económica ao servizo de quen máis teñen, en prexuízo das maiorías sociais cuxo sustento depende do seu traballo.

Ademais di que a reforma laboral aprobada debilita a posición das persoas traballadoras ao tempo que reforza os poderes de dirección da empresa, reduce as indemnizacións por despedimento improcedente case nun terzo, afectando aos dereitos consolidados dos traballadores, estende as posibilidades de abaratar os despedimentos e ampliar os supostos para poder extinguir contratos laborais por mor de causas obxectivas, permite a aplicación de medidas de flexibilidade interna de xeito unilateral por parte das empresas, desampara ás persoas traballadoras no caso de despedimentos colectivos, crea un contrato indefinido específico denominado de “apoio aos emprendedores” máis aplicables ao 99% das empresas en Galicia, que permite o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano, ...etcétera.

Por todo iso o noso concello debe expresar o seu rexeitamento a esta reforma laboral que lonxe de ser equilibrada como se afana en difundir o Goberno Central, en realidade min-gua dereitos regulados en normas públicas que favorecían ás persoas traballadoras, para que fiquen á vontade das decisións empresariais e desposuídos de calquera capacidade de negociación e presión para mellorar as súas condicións socioeconómicas, polo que solicitan a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Manifestar o rexeitamento da corporación municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno Central a:

1º.- Proceder á derogación de dita norma.

2º.- Acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais, que protexa ás persoas traballadoras fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato.

Segundo.- Comunicar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Congreso de Deputados e Parlamento de Galicia, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galicia.

Intervén o Sr. Pose do BNG e dálle lectura a un artigo escrito no xornal El País, sobre da reforma laboral , que di “lo paradójico es que los primeros interesados en mobilizarse son

las pequeñas empresas y los autónomos porque ellos van a ver como sus clientes pierden poder adquisitivo y dejan de comprar”.

Di ademais que os economistas din que o camiño é demoledor e que a economía dun país non poder soportar este tipo de accións.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE expón que unha semana antes da reforma laboral a patronal e os sindicatos pactaron o acordo para o emprego e a negociación colectiva, onde, entre outras cuestións, concibíase a estrutura de negociación sobre da que se desexaba desenvolver as relacións laborais, e con esta reforma deuse ao traste con todo e establece unha clara prevalencia do convenio empresarial sobre dos convenios de carácter sectorial, que co tempo teñen demostrado que non son os mellores para obter bos resultados no conxunto da economía, primando unha actuación individual, e mediante unha redución dos custos especialmente os salarios, e só a través disto se pode crear emprego.

Sinala ademais que esta reforma laboral actúa como unha forma fácil e barata para que as empresas reduzan os custos, permite crear un contrato co que se poden despedir libre e gratis nun ano; as empresas poderán bloquear en dous anos a negociación de convenios colectivos, xa ningún dos dereitos conquistados teñen que ser respectados; as empresas poden unilateralmente rebaixar os salarios por razón de competitividade e produtividade; a administración pode realizar despedimentos colectivos no sector público e contempla tamén a desaparición de gran número de medidas existentes para a conciliación da vida laboral e familiar.

Tamén di que o goberno trata de vender a reforma como algo necesario e xusto, e que vai ser eficaz, pero o que dende logo recolle é a mentira coa que accedieron ao goberno dicindo que non ían subir impostos nin recortar os dereitos dos traballadores, polo que o seu voto vai a ser a favor.

O Sr. Alvela de TEGA expón que estas medidas as impuxo Europa, e os países con problemas económicos teñen que pregarse aos máis fortes, e que o tempo dirá se ten éxito ou non, que efectivamente recorta dereitos pero que hipoteticamente en beneficio dos parados.

O Sr. Lema do PP di que non vai entrar en discusións , e que hai que recordar que hai tres meses, once millóns de españois votaron ao PP para, entre outros problemas, resolvera o paro existente.

O Sr. Pose manifesta que a eses millóns de votantes se lles prometeu non subir impostos nin recortar dereitos aos traballadores, e que como afirmaba o economista británico Keynes estas medidas tomadas en época de crise deprimen máis a economía, e isto púidose comprobar en Estados Unidos.

Posta a votación a citada moción rexístranse 6 votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG, 6 votos en contra do PP e 1 abstención de TEGA, rexeitándose nunha segunda votación ao obterse o mesmo resultado e co voto de calidade da Presidencia.

9º.- Acordo, se procede, sobre moción de TEGA sobre INEGA

Solicítase a declaración de urxencia deste punto, que se aproba con 2 abstencións do PSdeG-PSOE.

De seguido dáse conta da moción de Terra Galega na que se expón que a Consellería de Economía e Industria en colaboración co INEGA acaba de poñer en marcha un plan piloto que permitirá aos concellos reducir custos enerxéticos e económicos na iluminación pública.

O INEGA comprobará as vantaxes do uso da tecnoloxía eficiente cun programa experimental que se ensaiará en nove municipios galegos: Boqueixón, Boiro, Foz, Taboada, Arnoia, Pontedevea, Nigrán, Moraña e Ribadumia.

Este programa piloto contempla tres opcións distintas en función dos municipios: a instalación de reactancias electrónicas regulables, a substitución de puntos de luz por outros electrónicos de menor consumo, a instalación de tecnoloxía LED; permitindo cada un deles acadar aforros enerxéticos que oscilan entre o 30% e o 60% coa súa correspondente repercusión na factura eléctrica.

O INEGA está a desenvolver tamén un Plan de Acción de aforro e eficiencia enerxética nas AA.PP galegas que se materializará, entre outras actuacións, a través dun amplo programa de axudas que alcanzan ata o 75% da contía subvencionable.

Por todo iso solicita a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Se inicien os trámites co Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para o asesoramento na mellora da eficiencia enerxética nos edificios públicos e instalacións municipais.

2º.- Se inicien os trámites coa Consellería de Economía e Industria de cara a futuros proxectos cofinanciados de redución dos custos enerxéticos e económicos na iluminación pública.

3º.- Se inicien as accións para reducir a tarifa enerxética do Concello apostando pola redución do consumo do alumeadado público e a eficiencia enerxética nos edificios públicos.

O Sr. Alvela de TEGA expón que basicamente presenta esta moción tendo en conta que nas últimas publicacións dos acordos da Xunta aparecen certos concellos favorecidos, concretamente na provincia de A Coruña, os concellos de Boqueixón e Boiro, onde a Consellería de Economía e Industria, en colaboración co INEGA, fai un proxecto piloto, que está baseado en reactancias electrónicas regulables, na substitución de puntos de luz por outros electrónicos de menor consumo e na instalación de tecnoloxía LED. Sinala ademais que o propio INEGA fai o estudo, despois de acordos que se poidan ter, recomendándolle ao equipo de goberno que se poña á cola en posibles acordos posteriores que poidan xurdir, constando o proxecto de tres fases: o INEGA fai o estudo da eficiencia, despois estuda cal é o método que mellor se pode adaptar a ese aforro económico, e á parte chega a acordos nos que se refire ás propias axudas para levar a cabo as reformas.

O Sr. Pose do BNG di que votará a favor da moción, e que o seu grupo levábaa no seu programa electoral e solicita que se faga con urxencia unha auditoría enerxética, que se busquen os fondos necesarios para facela, porque está demostrado que despois dunha auditoría enerxética existe un aforro medio do 30%.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE expón que durante os anos 2008 e 2009 xa se solicitaron axudas ao INEGA para mellorar a eficiencia enerxética de varios tramos do alumeadado público, polo que dende hai tempo se vén apostando no concello pola redución do consumo eléctrico no que respecta particularmente aos alumeadados públicos, e recentemente solicitaron explicacións á proposta dun proxecto de aforro enerxético para a instalación de reloxos astronómicos e redutores de fluxo e substitución de 251 lámpadas, polo que, tendo en conta ademais de que consideran acertada a moción, e ir facendo cola e contactos para estar nos primeiros da fila, propón cambiar no punto 3 onde di “Se inicien as accións para reducir.....”, por “Continuar coas accións para reducir.....”, porque xa se viña traballando establecendo medidas para a redución do consumo.

O Sr. Alvela di que non se trata de recoñecer que se fixeran, pero que hai que seguir reducindo ese consumo, non tendo ningún problema en aceptar o cambio proposto polo PSdeG-PSOE no punto 3º da moción.

Don Rogelio Lema do PP di que van votar a favor da moción, aceptando o cambio proposto pola voceira do PSdeG-PSOE, porque efectivamente xa se iniciaran as accións, e trátase dunha das prioridades deste equipo de goberno, agradecéndolle ao grupo TEGA ter presentado a moción, xa que os beneficios son para os veciños de Vedra, mencionando que xa se teñen solicitado axudas ao INEGA.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a moción coa emenda presentada polo PSdeG-PSOE no punto 3º.

10º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Ás preguntas formuladas polo PSdeG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre das xestións coa Deputación para que se tivera en conta na previsión de 2012 a seguinte fase da estrada Vedra -Santa Lucía ou a da estrada A Gaiosa -Ponte de Sarandón, di que mantivo hai meses reunións co Presidente da Deputación, co voceiro do PP, don Santiago Freire, e visitou e percorreu as vías na súa compañía o deputado de obras, don Perfecto Rodríguez, e hai tres semanas aproximadamente reuniuse co enxeñeiro xefe don Vicente Berrocal, quen lle informou que a prioridade fundamental era rematar as obras que tiñan comezado, entre elas, a estrada Vedra -Santa Lucía, sobre todo pola Ponte das Cabras que se ía intentar comezar dentro deste ano cos trámites de expropiación.

Así mesmo, sinala que tamén mantivo unha reunión co Alcalde de Santiago de Compostela e un dos temas fundamentais foi precisamente esa obra, xa que hai un tramo de 1,8 quilómetros que pertence a ese concello, e posiblemente a Ponte das Cabras sexa a máis urgente.

2.- Sobre do expediente de expropiación da finca sita en San Miguel de Sarandón propiedade de D. Marcelino López Tato, di que segundo lle informou o departamento de urbanismo, o expediente remitiuse con data 04/04/2011 ao Xurado de Expropiación de Galicia para fixar o prezo xusto, e aínda non hai resposta.

Di que lle preocupa máis o recurso contencioso-administrativo que interpuxo sobre do acordo en si da necesidade de ocupación dos bens e dereitos no expediente de expropiación forzosa, que xa se remitiu o expediente ao Xulgado, estando á espera dos seguintes trámites, e que por experiencia estes recursos tardan aproximadamente catro anos en resolverse e non existe maneira de axilizalos.

3.- Sobre méritos para ter recibido o título honorífico de visitante ilustre da Cidade de Bos Aires, di que entende que el non é a persoa adecuada para responder, pero que dende logo foi unha sorpresa moi agradable e manifestoulles o seu máis profundo agradecemento, e sobre todo que ao seu entender, foi un recoñecemento ao concello de Vedra, na persoa do seu Alcalde.

11º.- Rogos e preguntas

--Dona Lucía González do PSdeG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

PRIMEIRO.- Rogamos o pintado da estrada de Illobre á Gándara, xa que o disipadas que están as marcas dificulta a condución en condicións de seguridade.

SEGUNDO.- Reiteramos aquí o rogo presentado polo presidente da Asociación de Veciños de Santa Cruz no pleno de 29 de decembro, relativo á retirada dun poste do alumeadado público no Coto, xunto á casa do Sr. Rogelio García, e que se fagan as xestións oportunas con Telefónica para cambiar tamén algún da súa propiedade e se acondicione o terreo correspondente. Cóstanos, ademais do rogo do presidente da Asociación de Veciños de Santa Cruz, a petición directa a membros do grupo de goberno xa dende o mes de outubro pasado por parte de veciños da zona.

A Presidencia contéstalle que xa se fixeron as xestións oportunas, só está pendente facelo efectivo.

TERCEIRO.- Reiteramos tamén o rogo presentado polo Grupo Socialista no pleno de 24 de novembro, relativo ao espolado das árbores situadas a carón do recinto escolar da escola unitaria de San Fins, para que se estableza un perímetro seguro arredor da escola e que evite a posible caída de pólas no patio.

CUARTO.- Ante as explicacións dadas polo Sr. Martínez respecto do despido de persoal ou esternalidade de servizos para reducir custos, a propósito do Plan Económico-Financeiro, rogamos que se proceda co maior rigor á hora de executar eses despedimentos, e que atendan sempre, á reorganizacións do servizo e nunca a abrir vías para que vostedes poidan dar cumprimento aos compromisos electorais particulares adquiridos en campaña, porque estaremos moi atentos aos despedimentos improcedentes.

QUINTO.- O pasado domingo 26, un pouco despois da clausura das xornadas arredor da camelia, non faltaron veciños seus, Sr. Martínez, que nos comentaran, non sen asombro e vergonza, que se fixeran distincións entre os asistentes á hora de degustar o viño galego ao que vostede convidou. Un viño país, disque non moi saboroso, para os veciños e veciñas, e botella de Albariño Pazo Galegos para a comitiva oficial, na que se incluía vostede e a Conselleira de Medio Rural e do Mar. Serán, supoñemos, ruxerruxes dun domingo de piñata. Confirmará ou negará vostede este extremo, pero en calquera caso, rogamos que en futuros eventos agasallen por igual a todos os asistentes e que se aproveiten os actos públicos municipais para promover a denominación de orixe “Rías Baixas, sub-zona ribeiras del Ulla”.

PREGUNTAS

PRIMEIRA.- Na acta da Xunta de Goberno de data 23 de febreiro, recóllese unha factura de D. Marcelino Estévez Fernández, por poder para preitos. A que atende a expedición deste poder? Cambiou o concello de letrado?

SEGUNDA.- Na mesma acta, recóllese o concepto “Gastos de billete de avión do Sr. Alcalde para xestións municipais en Madrid, por importe de 120, 41 euros”. Cando se realizou esa viaxe a Madrid? Que xestións municipais se realizaron na citada viaxe? Que compromisos en beneficio do concello acadou na citada viaxe?

TERCEIRA.- Na acta de Xunta de goberno de 24 de outubro de 2011, recóllese a factura FÁCTURA núm. 2.011/7982 de Barreras de Seguridade por sinais e espellos, por importe de 1.090,15 euros. Cantos espellos se mercaron? É a nº 204/8129 na 31/01 por postes e espellos.

CUARTA.- Na acta de Xunta de Goberno de 31 de xaneiro recóllese a factura nº 48 de chalecos reversibles para grupo de sendeirismo por importe de 1.995,62 euros. A quen se lle mercaron estes chalecos e cantos eran?

QUINTA.- Nestes últimos días, facendo unha revisión das actas da Xunta de Goberno Local posteriores ao último pleno celebrado, de data 29 de decembro de 2011, chamounos a

atención unha factura recollida na acta da Xunta de data 30 de decembro de 2011 favor de Asvetrans, Sociedade Cooperativa Galega por importe de 1.416 euros, por transporte de materiais dende a estación de ferrocarril á nave de Trobe.

Cuestionámonos que materiais poderían ter transportado, porque ata ao de agora, pensando en que foran áridos, o concello sempre obtiña estes materiais sen ningún custo de Serrenal. Non sei se a día de hoxe ese acordo cambiou nalgunha medida, e agradeceríalles que nolo explicaran.

1416 euros de gastos de transporte nun traxecto tan curto, dá conta por outra parte, de que se tratou de polo menos, unha ducia de camións de material. Así que achegámonos á nave de Trobe e puidemos comprobar que alí está almacenado gran cantidade de balastro, que entendemos é o material que transportaron dende a estación de ferrocarril. Ver tal cantidade de pedra alí acumulada causounos preocupación, a verdade, porque, ata onde sabíamos, eses materiais non se podían utilizar sen un tratamento de valorización previo.

Pregunto: Media algún acordo con ADIF para que o Concello acumule en terreo público estes materiais? Recibe o concello algunha prestación por parte de ADIF?

Dado a recente inhabilitación dalgún alcalde por cuestión parecidas, que todos han ter fresco, decidimos facer pescudas na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, concretamente no SIRGA, que para a súa información, señora concelleira de Medio Ambiente, é o Sistema de Información de Residuos de Galicia, e alí explicáronnos que:

1º- É necesario contar cun permiso de almacenamento expedido pola autoridade ambiental competente.

Pregunto: Contan vostedes con ese permiso?

2º- A almacenaxe debe facerse a cuberto, e coa pertinente recollida de augas e posibles lixiviados.

Pregunto: Está dotado o seu almacenamento con estas medidas preventivas? É obvio que non está baixo teito, pero tal vez si fixeron a oportuna recollida de lixiviados.

3º- Estes materiais deben ir, si ou si, a unha planta de valorización. En ningún caso se poden utilizar directamente sen o pertinente tratamento de recuperación.

Pregunto: É ese o destino que lle van dar?

E aínda máis, Sra. Devesa, na web do SIRGA está a disposición de todos os cidadáns, e por suposto, de todos os xestores públicos, como é vostede, unha Lista Europea de Residuos, na que se indican que materiais son residuos, en que medida son perigosos e quen son os xestores autorizados para o seu tratamento. E cabe que lle indique que o balastro de vías férreas, como é o material do que estamos a falar, está codificado coas referencias 170507, para aquel que contén sustancias perigosas, e 170508 para aquel que non as contén.

Coincidirán todos vostedes con nós, que non pode ser que por unha banda esteamos a falarlle aos veciños de boas prácticas de separación, de redución de produción de residuos, que insistamos na redución dos vertedoiros incontrolados e chegue o Grupo Popular e se salte a lei “á torera” e se leve por diante anos de esforzo de concienciación cidadá e de compromiso veciñal.

Non seremos nós os que xulguemos o grao de perigo destes materiais que acumulan nos terreos da nave de Trobe, por máis que o seu aspecto non sexa de confianza. Pero é evidente e obxectiva a súa cualificación como residuo, á vista do que lles acabo de expoñer, e debe ser tratado como tal en calquera caso. Así pois, como non queremos que estas prácticas, moitas veces auspiciadas por algunhas empresas, atopen a conivencia, consciente ou inconsciente, das administracións locais, infórmolles que mañá a primeira hora, o Grupo Socialista formalizará a correspondente denuncia ante o SEPRONA, para asegurar que se depuren responsabilidades e se lle dea ao residuo o tratamento establecido por lei.

--O Sr. Pose do BNG di que repasando as facturas que constan nas actas das Xuntas de Goberno figuran empresas como Construcciones Boqueixón, S.L, Peycar, Neumáticos

Germán, ...etcétera, todas elas empresas que non son de Vedra, solicitando que se compre en Vedra todo o que sexa posible, como así era o compromiso do PP.

Tamén solicita a pedimento dunha veciña de Marzán -Vedra que se arranxen as fochancas da pista municipal, e non se faga con arranxos que tanto lle criticaba o actual equipo de goberno ao grupo socialista, senón cun bo asfaltado.

O Sr. Alvela de TEGA di que no tempo de seca que estamos a padecer, o concello teña un plan de alerta para no caso de que existan incendios poder facerlle fronte cos medios dos que se dispoña.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas e trinta minutos.